

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE AGOSTO DE 2013.**

## **ASISTENTES:**

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

D. José Ángel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

### Secretaria-Interventora:

D<sup>a</sup>. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:25 horas do día vinte e nove de agosto e dous mil trece, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES.**

Cofeidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/07/2013, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

### **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/07/2013.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO.**

### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

#### **2.1.1.- CIRCULAR COMPLEMENTARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN E CONTRATACIÓN POS 2013**

Pola secretaria dáse conta circular enviada pola Deputación Provincia da Coruña, Sección Plans provinciais, rexistro de entrada 1541 en data 09/08/2013, no que se informa que este concello xa pode iniciar o expediente de contratación e execución da obra “Mellora verquido depuradora Lobomorto (Arceo)” ao acreditarse a obtención da autorización de Augas de Galicia, condición á que estaba sometida esta obra.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan iniciar o expediente de cotratación.

#### **2.1.2.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE MODELO DE CARTEL PARA AS OBRAS EN EXECUCIÓN INCLUÍDAS NO POS 2012 E 2013**

Pola secretaria dáse conta circular enviada pola Deputación Provincia da Coruña, Sección Plans provinciais, rexistro de entrada 1490 en data 01/08/2013, no que se informa que o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) xa non conta

dende o ano 2012 co financiamento do Estado, por este motivo, é necesario cambiar o modelo de cartel de obra no sentido de que desaparezan do dito cartel as referencias á cooperación económica local do Estado.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan que se lle comunique aos contratistas adxudicatarios das obras incluídas no POS do ano 2012 e 2013.

### **2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA ABOAMENTO DO 50% DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN Á OBRA INCLUÍDA NO DTC-94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada 1532 en data 08/08/2013, no que notifica a resolución de transferir a este concello, polo procedemento de gastos prepagables, o 50% ou o resto a transferir da achega da deputación á obra incluída no DTC-94 Unha Deputación para todos os Concellos:

Obra: Mellora camiño en Casal, Pazo, Carballido e outro.

Concello fondos propios: 0,00

Deputación fondos propios: 36.784,00

50 % xa transferido: 18.392,00

**50% ou resto a transferir: 18.392,00**

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA ABOAMENTO DO 50% DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN Á OBRA INCLUÍDA NO DTC-94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada 1533 en data 08/08/2013, no que notifica a resolución de transferir a este concello, polo procedemento de gastos prepagables, o 50% ou o resto a transferir da achega da deputación á obra incluída no DTC-94 Unha Deputación para todos os Concellos:

Obra: Mellora camiños en Campo da Lanza, Liñeiro e outro.

Concello fondos propios: 0,00

Deputación fondos propios: 78.287,00

50 % xa transferido: 39.143,50

**50% ou resto a transferir: 39.143,50**

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.1.5.- RESOLUCIÓN ABOAMENTO ANTICIPO PREPAGABLE SUBVENCIÓN ANIMADOR DEPORTIVO 2013.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada nº. 1463 con data 30/07/2013 no que se comunica a resolución de aboamento anticipo prepagable do 50% da subvención outorgada ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 239 de data 17 de decembro de 2012, correspondente ao exercicio 2013:

Obxecto da subvención: Animador deportivo 2013

Importe da subvención: 5.993,26 €

Coeficiente de financiamento: 0,6

Presuposto subvencionado a xustificar: 9.988,77 €

**Importe a aboar: 2.996,63 €**

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.1.6.- RESOLUCIÓN ABOAMENTO ANTICIPO PREPAGABLE SUBVENCIÓN SERVICIOS SOCIAIS NO ANO 2013 (MANTEMENTO).**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada nº. 1629 con data 23/08/2013 no que se comunica a resolución de aboamento anticipo prepagable do 50% da subvención outorgada ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 239 de data 17 de decembro de 2012, correspondente ao exercicio 2013:

Obxecto da subvención: Proxecto maiores activos

Importe da subvención: 2.499,00 €

Coeficiente de financiamento: 1

Presuposto subvencionado a xustificar: 2.499,00 €

**Importe a aboar: 1.249,50 €**

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DIRECCION XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA SUBVENCIÓN DE NATUREZA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Administración Local, rexistro de entrada nº. 1500 en data 02/08/2013 no que se notifica a concesión de subvención por importe de 7.887,00 € para o proxecto denominado “Subministración de recolectores verdes de 800 litros para a recollida de lixo”.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.1.8.- RESOLUCIÓN DA DIRECCION XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINSTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA SUBVENCIÓN DE NATUREZA COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Administración Local, rexistro de entrada nº. 1610 en data 21/08/2013 no que se notifica a concesión de subvención por importe de 55.542,02 € para o proxecto denominado “Adquisición de cargadora retroexcavadora”.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.1.9.- RESOLUCIÓN DO SERVIZO PROVINCIAL DA CORUÑA DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS AUTORIZACIÓN DE OBRAS NA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO NA ESTRADA AC-234**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo servizo provincial da Coruña da Axencia galega de infraestruturas, rexistro de entrada nº 1474 en data 31/07/2013 no que se notifica a resolución de autorización para a realización das obras consistentes na ampliación da zona de acceso é pavimentación do camiño agrícola que interseca coa estrada AC-234 no P.Q.: 11+290 M.D.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.1.10.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR CONCESIÓN AUTORIZACIÓN PARA A MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL Á MINIRESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES DE BOIMORTO.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada nº 1652 en data 28/08/2013, no que se notifica a resolución ditada pola secretaria xeral técnica con data 26 de agosto de 2013 autorizando a modificación substancial á Miniresidencia para persoas maiores de Boimorto, consistente no aumento do número de prazas da miniresidencia pasando de 23 prazas residencias e 1 de enfermaría a 29 prazas residencias e 1 de enfermaría.

Area de actuación: MAIORES

Tipoloxía: MINIRRESIDENCIA.

Núm. Prazas/unidades: 29 RESIDENCIAIS + 1 ENFERMARÍA

Persoas usuarias: PERSOAS MAIORES DEPENDENTES

Plantas/distribución: SEMISOTO, BAIXA, PRIMEIRA

Zona residencia. Planta primeira: 13 habitacións dobres e 3 habitacións individuais.

Zona enfermaría: Planta primeira: 1 habitación individual de enfermaría.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.1.11.- RESOLUCIÓN DO ORGANISMO DE AGUAS DE GALICIA ARQUIVO SOLICITUDE DE IMPOSICIÓN DE SERVIDUME DE ACUEDUTO.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo Organismo de Augas de Galicia, rexistro de entrada nº 1534 en data 08/08/2013, no que se notifica a resolución de data 6 de agosto de 2013 do director de Augas de Galicia na que declara a caducidade do procedemento iniciado por solicitude de Manuel Fandiño Gil, co DNI 76503467Q, o de imposición forzosa de acueduto, no lugar de Romelas, parroquia de Brates (San Pedro) e o arquivo das actuacións e trámites realizados dentro do expediente DH.S15.29289.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.2.- ESCRITOS PARTICULARES**

#### **2.2.1.- ESCRITO DE ALEGACIÓNS DE JOSÉ LUÍS GAREA SÁNCHEZ EN RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DITADA POLA ALCALDÍA 226/2013 DE 01/08/2013**

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado por D. José Luis Garea Sánchez, rexistro de entrada nº 1631 en data 26/08/2013, no que presenta alegacións ao decreto ditada pola alcaldía 226/2013 de 01/08/2013, polo que se acorda dar licenza para a execución de determinadas obras descritas no proxecto redactado polo técnico don Óscar J. Pose Andrade en relación co expediente de reposición da legalidade tramitado en execución de sentenza do xulgado do contencioso administrativo nº 3 da Coruña.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan remitir copia cotexada ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña aos efectos oportunos.

### **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS.**

#### **3.1.- LICENZAS PERMISOS**

#### **3.2.- AUTORIZACIÓNS**

##### **3.2.1.- DENEGACIÓN AUTORIZACIÓN ENGANCHE CONEXIÓN AUGA**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1350, en data 17/07/2013, presentada por D. Manuel Cajide Mato, con domicilio en rúa Eduardo Blanco Amor 1 1º D, Vilarrodís, Arteixo, DNI nº 76487964S, no que solicita autorización para a conexión á rede de subministro de auga para inicio das obras de construción de vivenda unifamiliar na rúa Pazo do núcleo urbano de Boimorto.

Considerando que nesta Xunta de Goberno Local outórgase a licenza para a construción da vivenda unifamiliar condicionada á presentación do proxecto de execución.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Denegar a D. Manuel Cajide Mato a autorización para a conexión á rede de subministro de auga xa que non pode iniciar as obras de construción da vivenda unifamiliar ata que se presente o proxecto de execución.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo a D. Manuel Cajide Mato xunto co réxime de recursos e ós servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.2.- DENEGACIÓN AUTORIZACIÓN ENGANCHE CONEXIÓN Á REDE DE SUMIDOIROS**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1351, en data 17/07/2013, presentada por D. Manuel Cajide Mato, con domicilio en rúa Eduardo Blanco Amor 1 1º D, Vilarrodís, Arteixo, DNI nº 76487964-S, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros para inicio das obras de construción de vivenda unifamiliar na rúa Pazo do núcleo urbano de Boimorto.

Considerando que nesta Xunta de Goberno Local outórgase a licenza para a construción da vivenda unifamiliar condicionada á presentación do proxecto de execución.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Denegar a D. Manuel Cajide Mato a autorización para a conexión á rede de sumidoiros xa que non pode iniciar as obras de construción da vivenda unifamiliar ata que se presente o proxecto de execución.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo a D. Manuel Cajide Mato xunto co réxime de recursos e ós servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.3.- ESCRITO DE D. JAIME VILARIÑO VERA, SOLICITANDO A BAIXA NA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO**

Pola secretaria dase lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1619, en data 22/08/2013, presentada por D. Jaime Vilariño Vereá, con domicilio en Lg. Corredoiras nº. 27, parroquia de Ánxeles, DNI nº 32218627-C, no que expón que lle está cobrando a taxa de recollida de lixo correspondente ao inmovible sito no lugar de Moscosas núm. 3, parroquia de Cardeiro, cando non existe vivenda nin explotación gandeira e SOLICITA:

<<Que se realicen as comprobacións oportunas e se proceda a dar de baixa o inmovible sito no lugar de Moscosas nº 3 (Cardeiro) no padrón fiscal da recollida de lixo.>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Que polos servizos técnicos municipais se persoe no lugar e se emita un informe onde se faga constar se efectivamente se dan as circunstancias que manifesta o interesado na súa petición.

## **4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

### **4.1.- URBANISMO**

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionador oportuno.

**4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 27/2013) PARA REFORMA DE CENTRO DE FORMACIÓN DA NATUREZA E MEDIO AMBIENTE SITO NO LUGAR DE REGO DO SEIXO DA PARROQUIA DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ LUÍS COSTOYA QUINTELA, EN REPRESENTACIÓN DE AMARAI (ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE E APOIO Á INTEGRACIÓN DAS COMARCAS DE ARZÚA E TERRA DE MELIDE).**

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obras tramitado a instancia de D. José Luís Costoya Quintela, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Padre Pardo nº 33 1º, Arzúa, provisto do DNI núm. 78787412-S, actuando en representación de AMARAI, solicitude con rexistro de entrada no concello nº 1430 en data 24/07/2013, acompañada de “Memoria de obras menores de reforma de centro de formación da natureza e medio ambiente. Boimorto. A Coruña”, redactado polo arquitecto Óscar Andrés Quintela, colexiado nº 2095, visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 22/07/2013 co número 1305665.1.

Vistos os informes técnicos emitidos pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar e rexistrado de entrada neste concello co número 1367 en data 18/07/2013; na tramitación do procedemento para a autorización de modificación substancial do centro de día de Boimorto-centro ocupacional de Boimorto da entidade Asociación de persoas con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI), consistente no peche da rampla de comunicación entre o centro ocupacional e o centro de día e unión de dous talleres nun só espazo con zona de almacén, na planta semisoto. Non se alteran as condicións de accesibilidade, seguridade en caso de incendios e de utilización do centro.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid de data 26/07/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor segundo o artigo 17 PXOM en solo solo de núcleo rural.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 28/04/2011 acordouse conceder licenza definitiva de apertura do establecemento de día e Centro ocupacional para discapacitados.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. José Luís Costoya Quintela con DNI núm. 78787412-S, actuando en representación de AMARAI (LO 27/2013), para a realización de obras sobre centro adicado á actividade Centro de día e Centro ocupacional para discapacitados conforme proxecto indicado nos considerandos deste acordo.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais necesarias e supeditada aos informes de supervisión de centro de servizos sociais emitido pola Subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais. Expedientes números: BS103K 2013/000097-0 e BS103K 2013/000094-0.
- .- As obras consistirán na modificación da distribución interior de planta semisoto do edificio, de tal forma que o vestíbulo poda pecharse mediante unha porta e ser usado como taller, e a disposición de vidros de protección fronte a auga na zona de rampla e acceso cuberto da planta baixa.
- .- En ningún caso suporá aumento de prazos.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematarse no prazo de dous anos desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 31.250,00 €

Liquidación 2% : **625,00 €**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. José Luís Costoya Quintela, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

**4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 28/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA NA VIVENDA SITA NA RÚA VILANOVA Nº 11 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE Dña. MARÍA ALEJANDRA GARCÍA CARREIRA.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dña. María Alejandra García Carreira DNI núm. 78799613-A, e con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Vilanova nº 11 do núcleo urbano de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1395 de data 22/07/2013 para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 11 da rúa Vilanova do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 07/08/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dña. María Alejandra García Carreira, con DNI núm. 78799613-A (LO 28/2013) para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 11 da rúa Gándara do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.

.- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **5.069,00.- €uros.**

Liquidación 2%: **101,38.- €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Dña. María Alejandra García Carreira, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.1.3.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 29/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA NA VIVENDA SITA NA RÚA VILANOVA Nº 13 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL VARELA LÓPEZ.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Manuel Varela López DNI núm. 78787337-D, e con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Vilanova nº 13 do núcleo urbano de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1582 de data 19/08/2013 para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no

número 13 da rúa Vilanova do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 21/08/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Manuel Varela López, con DNI núm. 78787337-D (LO 29/2013) para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 13 da rúa Gándara do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **5.069,00.- €uros.**

Liquidación 2%: **101,38.- €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Manuel Varela López, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.4.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 30/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA NA VIVENDA SITA NO Nº 3 DO LUGAR DE AREAS DA PARROQUIA DE ANDABAO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ GÓMEZ RODRÍGUEZ.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. José Gómez Rodríguez DNI núm. 76474332-E, e con domicilio para os efectos de notificacións en Lg. Areas nº 3, parroquia de Andabao, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1525 de data 07/08/2013 para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 3 do lugar de Areas, da parroquia de Andabao (solo de núcleo rural) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 07/08/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. José Gómez Rodríguez, con DNI núm. 76474332-E (LO 30/2013) para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 3 do lugar de Areas, parroquia de Andabao, (solo de núcleo rural) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.



.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **2.807,94.- €uros.**

Liquidación 2%: **56,16.- €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. José Gómez Rodríguez, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.5.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 31/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA DUN ALPENDRE ANEXO Á VIVENDA SITA NO Nº 3 DO LUGAR DE CASÁS DA PARROQUIA DE ANDABAO, TRAMITADA A INSTANCIA DE Dña. VIRTUDES GARCÍA SEOANE.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dña. Virtudes García Seoane DNI núm. 76474660-M, e con domicilio para os efectos de notificacións en Lg. Casás nº 3, parroquia de Andabao, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1445 de data 26/07/2013 para a substitución do material de cuberta no alpendre anexo á vivenda sita no número 3 do lugar de Casás, da parroquia de Andabao (solo de núcleo rural) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 07/08/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de núcleo orixinario disperso.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dña. Virtudes García Seoane, con DNI núm. 76474660-M (LO 31/2013) para a substitución do material de cuberta no alpendre anexo á vivenda sita no número 3 do lugar de Casás, parroquia de Andabao, (solo de núcleo rural) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.

.- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **3.178,80.- €uros.**

Liquidación 2%: **63,58.- €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Dña. Virtudes García Seoane, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.6.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 32/2013) PARA PINTADO EXTERIOR DA VIVENDA SITA NO NÚMERO 28 DO LUGAR DE CANTO DO BALO, PARROQUIA DE ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. BENIGNO COSTOYA VARELA.**

Visto expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Benigno Costoya Varela, con DNI nº 76294661-G, e con domicilio para os efectos de notificación en Lg. Canto do Balo nº 28, parroquia de Arceo, solicitude con entrada no concello nº 1207 con data 05/07/2013, para a realización das obras de pintado exterior da vivenda sita no número 28

do lugar de Canto do Balo, parroquia de Arceo, (solo de núcleo rural) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

Vista a autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1004 de data 22/08/2013.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 11/07/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor D. Benigno Costoya Varela, con DNI nº 76294661-G (LO 32/2013), para a realización das obras de pintado exterior da vivenda sita no número 28 do lugar de Canto do Balo, parroquia de Arceo, (solo de núcleo rural) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- A coloración do morteiro será en tons próximos ao branco, pardo ou crema e, en calquera caso, semellantes aos empregados no lugar..
- .- Deberase axustar ao contido na autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1004 de data 22/08/2013
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **750,00 €**

Liquidación 2%: **15,00 €**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Benigno Costoya Varela, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.7.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 33/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA NA VIVENDA SITA NO LUGAR DE CORREDOIRAS, PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE DÑA CARMEN GARCÍA BOADO.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dña. Carmen García Boado DNI núm. 33175884-H, e con domicilio para os efectos de notificacións no lugar de Corredoiras, parroquia de Ánxeles, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 753 de data 14/05/2013 para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no lugar de Corredoiras, parroquia de Ánxeles, (solo de núcleo rural) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

Tramitada pola interesada solicitude de autorización do servizo de infraestruturas do departamento territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (expediente nº.: MT205G 2013/000061-1) e incorporado ao expediente informe de data 19/07/2013, no que informa favorablemente a autorización das obras indicando condicionantes xerais e particulares a ter en conta para realizar a obra.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 12/08/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dna. Carmen García Boado, con DNI núm. 33175884-H (LO 33/2013) para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no lugar de Corredoiras, parroquia de Ánxeles, (solo de núcleo rural) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- Cumprirá coas condicións impostas na autorización do servizo de infraestruturas do departamento territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (expediente nº.: MT205G 2013/000061-1).

- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **4.795,00.- €uros.**

Liquidación 2%: **95,90.- €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Dna. Carmen García Boado, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.8.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 34/2013) PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E PECHER DE PARCELA NA RÚA O PAZO, PARROQUIA DE BOIMORTO, EXPEDIENTE TRAMITADO A INSTANCIA DE D. MANUEL CAJIDE MATO.**

Visto o procedemento tramitado a instancia de D. Manuel Cajide Mato con DNI 76487964-S e con domicilio para os efectos de notificacións en rúa Eduardo Blanco Amor 1 1º D, Vilarrodís, Arteixo, con rexistro de entrada no concello nº 1349 de data 17/07/2013 para construción de vivenda unifamiliar aislada e peche de parcela na rúa do Pazo parroquia de Boimorto, pertencente a este termo municipal (solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva) conforme ó proxecto básico “Vivenda unifamiliar aislada y cierre de parcela” redactado pola arquitecta Dna. Marta Justo Vicente colexiada nº 2.280, visado dixitalmente polo COAG o 10/07/2013.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiros de camiños, canles e portos, con data 26/07/2013 no que contempla que as condicións construtivas cumpren o establecido no artigo 30 do PXOM, que consta no expediente e visto informe de Secretaría municipal de data 29/08/2013 e as advertencias que constan no mesmo.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Manuel Cajide Mato con DNI 76487964-S (LO 34/2013), para construción de vivenda unifamiliar aislada e peche de parcela na rúa do Pazo parroquia de Boimorto, pertencente a este termo municipal (solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva) conforme a documentación mencionada nos considerandos deste acordo, cun orzamento de execución material de 46.717,46 €uros, sendo nomeado director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde o arquitecto técnico D. Javier López da Vila, colexiado nº 2.691.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

- Sen prexuízo de doutras autorizacións sectoriais.
- As obras non poden iniciarse ata que presente e sexa aprobado o proxecto técnico e presente oficio de dirección de obra facultativo.
- O cerramento deberá contar coas características sinaladas en informe técnico que consta no expediente de data 26/07/2013.
- Conforme ao proxecto presentado as obras non poderán iniciarse ata que presente acreditación de inscrición no Rexistro da Propiedade da escritura pública en relación a licenza de segregación da finca matriz concedida o 30 de agosto de 2012 de cesión de 8,80 m2 para a regularización do viario urbanizado.
- Conforme ao proxecto presentado e o artigo 97 da normativa de plan relativos ao acceso rodado público pavimentado, subministro de enerxía eléctrica, redes municipais de evacuación de augas residuais e abastecemento de auga; carece de encintado e pavimentación de beirarúas, esta licenza queda condicionada á terminación das obras de urbanización que constan na documentación do expediente e sexan previas ou simultáneas á obra, establecéndose unha fianza de garantía de acordo co artigo 97.2 do PXOM de Boimorto de 514,67 €
- Cumprírase a normativa do Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia e no Código Técnico da edificación e a normativa do PXOM de Boimorto ordenanza solo urbano edificación extensiva artigo 100 e artigos 30, 34 e 97 e condicións de cerramento artigo 30.7 do PXOM.
- Necesaria obtención de licenza de primeira ocupación (Lei 8/2012 de 29 de xuño, artigos 42 e 44) que se solicitaría presentando certificado final de obra do técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada, e solicitude de previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais en aplicación do artigo 195 da LOUGA para a obtención de licenza de primeira ocupación. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, do saneamento, da electricidade, do gas, das telecomunicacións e doutros servizos comunitarios.
- De conformidade co disposto nos artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinala construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

**TERCEIRO.-** Aprobado a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 46.717,46 €uros.

Liquidación 2%: **934,35 €**

De acordo co artigo 97 do PXOM deberá establecer unha fianza de garantía de 514,67 € segundo o total do valor das obras de urbanización necesarias. A licenza carece de eficacia mentres non se constituía esta garantía.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Manuel Cajide Mato indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

## **4.2.- OBRAS E SERVIZOS**

### **4.2.1.- APROBACIÓN MODIFICADO DA OBRA “MEJORA DEL ENTORNO DEL ALBERGUE DE LA BAIUCA”**

Visto o expediente de modificación do contrato de obras de Mellora do entorno do albergue de Baiuca iniciado por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 30/05/2013, outorgándolle un período de audiencia de tres días ao contratista para que poidera alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimara convenientes.

Resultando que durante o prazo de audiencia o contratista non presentou alegacións.

Visto informe de secretaría e as advertencias nel contidas de data 30/05/2013

A Xunta de Goberno Local con competencias delegadas en materia de contratación pola Alcaldía, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de modificación do contrato de obras de Mellora do entorno do albergue de Baiuca..

**SEGUNDO.-** Indicar que non hai aumento de gasto con este modificado.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo a Antonio Filloy, S.A., citándoo para a formalización do modificado do contrato, sen que proceda á ampliación da garantía definitiva por non incrementarse o orzamento total da obra.

#### **4.2.2.- LICITACIÓN DO SERVIZO “CONTROL DE CALIDADE DE AUGA DO CONSUMO HUMANO E DA PISCINA MUNICIPAL” (EXPTE: COPNSP 2/2013)**

Visto o expediente de contratación do servizo de “Control de calidade de auga do consumo humano e da piscina municipal” cun orzamento 6.000 €uros ive incluído..

Iniciado e aprobado dito expediente por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 26/07/2013, constando no expediente informe de data 23/07/2013 de Secretaría Intervención en relación con esta contratación e de existencia de crédito de Secretaría Intervención en relación á partida orzamentaria municipal para a anualidade 2013 31.227.

Remitidas invitacións para a participación a tres empresas en aplicación do artigo 178 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público a Aqualogy Medio Ambiente, S.L. CIF: A-08332975; Espina & Delfín, S.L. CIF: B-15026693 e Biocontrol y calidad Alimentaria, S.L. CIF: B-15987399.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola secretaria en data 21/08/2013 que se reproduce literalmente:

<<DONA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA),

CERTIFICO:

Que en cumprimento do acordo adoptado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en data 26/07/2013 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación do servizo de control de calidade de auga do consumo humano e a piscina municipal e outorgado un prazo de oito días naturais para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas, na data de hoxe, foron presentadas por rexistro de entrada neste Concello a seguinte documentación en tempo e forma das empresas:

.- Biocontrol y Calidad Alimentaria, S.L.U. (con CIF B-15987399) presenta:

Sobre A con entrada nº 1596 en data 20/08/2013

Sobre B con entrada nº 1597 en data 20/08/2013

Sobre C con entrada nº 1598 en data 20/08/2013

.- Labaqua, S.A. (con CIF A-03637899) presenta:

Sobre A con entrada nº 1613 en data 21/08/2013

Sobre B con entrada nº 1614 en data 21/08/2013

Sobre C con entrada nº 1615 en data 21/08/2013

En relación coa terceira empresa invitada Espina & Delfín, S.L. consta no expediente con acuse de recibo a recepción da invitación municipal en data 13/08/2013 a día 21/08/2013 non foi presentada oferta polo que debería quedar fora da licitación.

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde  
En Boimorto o 21 de agosto de 2013

Vº Prace  
O Alcalde:

A Secretaria:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Non sendo necesaria a constitución da mesa de contratación, procédese pola secretaria á apertura de Sobres A presentada por Biocontrol y Calidad Alimentaria, S.L.U e Labaqua, S.A.; sobre relacionado coa acreditación de capacidade quedando ambas empresas acreditada a capacidade e solvencia segundo a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación.

Continúa a secretaria coa apertura dos sobre B das dúas empresas e tendo en conta o regulado no prego de cláusulas administrativas particulares así como no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o sobre B: referencias técnicas para que emita o informe técnico de valoración tendo en conta os criterios de adxudicación previstos na cláusula 15 en relación co Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aplicables a esta contratación.

## **5.- ASUNTOS ECONÓMICOS.**

### **5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS**

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
19/07/13	Ordes Hostelería, S.L. B-15861586	Comida condutor do microbús levar os nenos a Aquapark o día 19/07/2013	11,50 €
A-V2013-00001908577- /27/07/13	Mercadona, S.A. A-46103834	Produtos de limpeza para o concello	12,54 €
Ticket 12/08/13	U.T.E Choupana U-83458570	Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	2,05 €
034-0008-220756-12/08/13	Leroy Merlin España, S.L.U. / B-84818442	Caixa caudales con bandexa euros	14,65 €
16-20/08/13	María García Liñeira / 76517938-C	Comida traballadores do concello	157,00 €
28-18/07/13	Mª. Teresa López Alonso / 76624257-X	Servizo podoloxía centro de día, residencia e servizos externos mes xullo 2013	238,00 €
33-29/08/13		Servizo de podoloxía centro de día, residencia e servizos externos mes agosto 2013	308,00 €
0158-09/0813	Mª. Obdulia Lopez	Balóns para clases fútbol 7 e tro-	

	López / 33208229-R	feos torneo fútbol 5	87,00 €
VS 2013/07394-26/07/13 □	Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U. B70055504	Servizo de prevención-Disciplina de vixilancia da saúde persoal do concello	1.183,97 €
19/2013-29/07/13	Asociación Cultural Xanela de Melide / G70359047	Gastos servizos de colaboración na festa de fin de curso do PAI	50,00 €
18/2013-27/07/13		Gastos colaboración festa do neno na piscina municipal	620,00 €
51454-12/07/13	Río Blanco, S.L. / B-15424047	Hipoclorito sódico para as instalacións da piscina municipal. Albarán nº 61107	298,87 €
51668-24/07/13		Abono correspondente á factura 51454	-15,73 €
51855-02/08/13		Hipoclorito sódico para o depósito de Boimil. Albarán nº 61492	283,14 €
52065-13/08/13		Hipoclorito sódico para as instalacións da piscina municipal. Albarán nº 61720	283,14 €
001476-29/07/13	Control de Plagas Andrade, S.L. / B15989692	Cota bimestral polos servizos de desinfección, desinsectación e desratización realizados en centros municipais	356,41 €
130260-01/08/13	Carlos López Ayude / 32431803-D	Camiseta e cartel para socorrista piscina	152,21 €
130272-16/08/13		Placa "Centro de día" xustificación subv. de Agader	45,98 €
01/074351-31/07/13	ABN PIPE Abastecimientos, S.A. A-15149271	Material para reparación avarías no subministro de auga	155,53 €
FV/3469-31/07/13	Comercial Maquinaria F3, S.L. / B-15359185	Aluguer ventiladores para a residencia período do 08/07/13 ao 26/07/13	199,53 €
FV/3868-15/08/13		Indumentaria para traballadores do concello	1.451,32 €
2900189573-20/08/13	Labagua, S.A. / A-03637899	Análise piscina do día 16/07/13	95,59 €
277-06/08/13	Hermanos Vázquez, S.L. / B-15643315	Rodas para a furgoneta de servizos sociais	316,00 €
013001153-13/08/13	Hnos. Toimil García, S.L. / B-36022226	Válvula de secuencia para o camión grúa	133,89 €
12137912-07/08/13	Louzao Vehículos Industriales Coruña, S.L.U. / B-15813306	Reparación camión grande de recollida de lixo	227,15 €
301-22/08/13	Isabel Senín Lareo / 76500326-A	Mantas, sábanas e toallas para residencia e centro de día	1.168,86 €
1-11044302-29/07/13	Manuel Castro Gómez / 33215547M	Confeción nóminas e seguros mes de xullo 2013	792,19 €
1-11044681-27/08/13		Confeción de nóminas e seguros mes de agosto 2013	894,92 €
F1217071-09/08/13 □	Arzuagas, S.C. J-15927882	Tres cargas de propano para a residencia e centro de día	177,00 €
Recibo 05/08/13	Helvetia / A41003864	Póliza de seguros da furgoneta de	

		servizos sociais período 01/08/13 a 31/07/13	469,18 €
OFFV13/3011-31/07/13	Ofireyco, S.L./ B-15342702	Material para manualidades	66,31 €
004147-31/07/13	Fernando J. Sánchez García / 76505509-B	Material colocación tubos no cruce pista en Andabao	124,00 €
9395-02/08/13	Oli-Servi, S.L. / B-15202583	Catro walkie talkie para a brigada de incendios	292,58 €
60/13-13/08/13	Cerne Ingeniería S.A. A-15056468	Honorarios de dirección das obras de Mellora do centro de día e miniresidencia	1.815,00 €
61/13-24/07/13		Asistencia técnico-urbanística mes de agosto de 2013	2.420,00 €
AR320539-15/08/13	ABM-REXEL, S.L.U. / B-28262822	Dúas cédulas proximidade Orbis Isimat para albergue	64,34 €
212-04/07/13	Eugenio Castro, S.L. / B-15529274	Rede para reparación do cerre da finca da Mota	1.185,80 €
0000368-01/08/13	TDS Consultores S.L. / B-47207634	Mantemento aplicación Geriges mes de agosto 2013	59,29 €
80/13-29/07/13	Gomserbus, S.L. / B-15615990	Servizo de transporte excursións: As Pías, Silleda e Melide	561,00 €
5/01306758-25/07/13	NEA F3 Iberica, S.L.U B-15361348	Mantemento fotocopiadora oficinas municipais BH C353 período 21/06/13-19/07/13	351,95 €
5/01306759-25/07/13		Mantemento fotocopiadora servizos sociais K-7022 período 19/06/13-22/07/13	18,36 €
06B/89-30/07/13	Coregal Parques e Xardíns S.L. / B15731797	Mantemento zonas verdes xullo 2013 □	1.300,00 €
4001164078-31/07/13 □	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.L. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de xullo 2013 □	199,96 €
D-773-23/07/13 D-811-02/08/13 D-813-02/08/13	Juan López Sánchez 34258362T	Gasóleo B para o trator	171,08 €
		Gasóleo B para o trator	258,54 €
		Gasóleo B para o trator	335,73 €
013CV/284-26/07/13	EMS AYTEM S.L. B15497100	Indumentaria para as auxiliares de axuda no fogar	150,17 €
776.699-01/08/13	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial agosto 2013	328,90 €
777.318-01/08/13 □		Mantemento ascensor centro residencial agosto 2013	329,18 €
2013/1952-31/07/13	Sociedade Galega de Medio Ambiente A-15379803	Tratamento RU mes de xullo 2013	3.264,47 €
0101-1300828-31/07/13 □	Cogami Reciclado de Galicia, S.L. / B-15467962	Recollida de residuos do 01/07/13 ao 31/07/13 □	95,07 € □
C 92.626-31/07/13 C.93.012-14/08/13	Recambios Santiagueses S.L. B-15214349	Material brigada incendios	195,28 €
		Repastos para desbrozadora do trator e fregadora do pavillón	380,32 €
951008325-31/07/13	KONE Elevadores	Servizo de mantemento ascensor	



	S.A. / A-28791069	colexio xullo 2013	238,99 €
6-10/08/2013	Antonio Ansede Blanco 32440038X	Auga torneo fútbol 5	4,80 €
Relación de data 19/08/13. Rexistro de entrada nº 1581 □	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A- 65067332	Recibos de subministro de luz ao alumeado público Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	2.920,55 € 227,51 €
F313321126903080- 09/07/13	Gas Natural Servicios SDG, S.A. / A- 08431090	Recibo de subministro de luz alumeado da Gándara período 21- 05-13/07-06-13	392,69 €
SU13320500631740- 22/07/13		Abono alumeado Gándara período 21-05-13/07-06-13	-392,69 €
FE13321127225409- 12/07/13		Recibo de subministro de luz campo de fútbol período 22-05- 13/11-06-13	
FE13321127679907- 22/07/13		Recibo de subministro de luz campo de fútbol período 12-06- 13/16-07-13	340,25 €
FE13321127225407- 12/07/13		Recibo de subministro de luz po- lideportivo período 21-05-13/11- 06-13	503,02 €
FE13321127733426- 23/07/13		Recibo de subministro de luz po- lideportivo período 12-06-13/15- 07-13	70,18 €
FE13321127225408- 12/07/13		Recibo de subministro de luz co- lexio período 21-05-13/11-06-13	109,03 €
FE13321127496518- 18/07/13		Recibo de subministro de luz co- lexio período 12-06-13/15-07-13	
FE13321127225410- 12/07/13		Recibo de subministro de luz pis- cina municipal período 22-05- 13/11-06-13	761,51 €
FE13321127679908- 22/07/13		Recibo de subministro de luz pis- cina municipal período 12-06- 13/16-07-13	357,87 €
FE13321126508192- 02/07/13		Recibo de subministro de luz casa consistorial período 05-04-13/03- 06-13	735,62 €
FE13321126508193- 02/07/13		Recibo de subministro de luz casa consistorial período 04-06-13/19- 06-13	907,40 €
FE13321127225411- 12/07/13		Recibo de subministro de luz re- sidencia e centro de día período 21-05-13/11-06-13	764,21 €
FE13321127496519- 18/07/13		Recibo de subministro de luz re- sidencia e centro de día período 12-06-13/15-07-13	24,87 €
FE13321127225406- 12/07/13		Recibo de subministro de luz al- bergue período 21-05-13/11-06-13	1.315,08 €
FE13321127496517- 18/07/13		Recibo de subministro de luz al- bergue período 12-06-12/15-07- 13	1.459,51 €
			117,07 €

Rexistro de entrada 1580 Data: 19/08/13 FE13321129696225- 29/08/13		Alta subministro luz Festival de la Luz 13, 14 e 15 de setembro	208,74 €  119,33 €
28-H381-652141 01/08/13	Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125	Recibo teléfonos móviles período 18/06/13 a 17/07/13	156,33 €
TA4D30413279  TA4D30424592  TA4D30413278 TA4D30422379  TA4D30422636  TA4D30413281 TA4D30429761 TA4D30429349 19/08/2013	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais Recibo teléfono centro social municipal de maiores Recibo teléfono xulgado de paz Recibo teléfono ascensor concello Recibo teléfono oficinas Concello Recibo teléfono PAI Recibo teléfono residencia Recibo teléfono ascensor residencia	72,80 €  89,82 €  25,95 € 17,40 € 392,76 € 30,48 € 88,32 €  21,03 €

## **5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA**

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

### **<<INFORME SOCIAL**

**INSTITUCIÓN:** Concello de Boimorto. Servizos sociais

**INFORME EMITIDO POR:** M<sup>a</sup>. Esther Vidal Pandelo

**DATA DO INFORME:** 29/08/2013

**DIRIXIDO A:** XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

#### **1.- GARCÍA LODEIRO JOSEFA - FISIOTERAPIA**

##### **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

#### **2.- TOJO MATO HERMINIA - FISIOTERAPIA**

##### **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

**3.- FERNÁNDEZ REGUEIRA MARÍA JOSEFINA - FISIOTERAPIA**  
**VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**4.- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ LUCITA - FISIOTERAPIA**  
**VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

*Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como Traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>*

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de fisioterapia a Josefa García Loeiro, Herminia Tojo Mato, María Josefina Fernández Regueira e Lucita Rodríguez Sánchez.

**SEGUNDO.-** Notificar aos beneficiarios deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xullo, agosto e setembro do 2013. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia.

**5.3.- SOLICITUDE E OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA O APOIO Á NATALIDADE.**

Visto o expediente de solicitude de axuda municipal para apoio a natalidade 2013, ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 120 de data 20/06/2013, iniciado por:

- Dna. María Luisa Aguión Andrade (con rexistro entrada 1641 de data 126/08/2013) debido ao nacemento en data 31/07/2013 do seu fillo Gabriel Barreiro Aguión.

En aplicación da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de subvencións municipais a axudas para apoio á natalidade na anualidade 2013 a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder unha axuda por apoio á natalidade de 300 €uros a Dna. María Luisa Aguión Andrade polo nacemento do seu fillo Gabriel Barreiro Aguión, con cargo a partida 23.48000 do orzamento municipal para a anualidade 2013.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada, con expresión dos recursos que poden interpoñer contro o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñerlos.

**5.4.- LIQUIDACIÓN CONVENIO CONCELLO DE ARZÚA.-**

Vista as lecturas dos contadores nº 07SE117226 = 4671 m<sup>3</sup> (menos 4317 m<sup>3</sup> da lectura do trimestre anterior = **354 m<sup>3</sup>**) e nº 07SE117232 = 1213 m<sup>3</sup> (menos 1141 m<sup>3</sup> da lectura do trimestre anterior = **72 m<sup>3</sup>**) TOTAL: 426 m<sup>3</sup>, realizada polo encargado de servizos municipais deste

Concello, D. Manuel Vázquez García, en aplicación do disposto en convenio asinado con Arzúa "Convenio de cooperación entre o Concello de Arzúa e o Concello de Boimorto" en data 23 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Liquidar a cantidade a ingresar polo Concello de Arzúa a Boimorto como consecuencia do disposto no convenio  $426 \text{ m}^3 \times 0,21 \text{ euros} = 89,46 \text{ €} + 8,95 \text{ (IVE do 10\%)} = 98,41 \text{ €}$

**SEGUNDO.-** Notifíquese ao Concello de Arzúa o presente acordo, solicitando o ingreso na conta bancaria xa comunicada do Concello de Boimorto.

**5.5.- ESCRITO DE DNA. DIANA PELETEIRO HIGUERO, ACTUANDO EN REPRESENTACIÓN DA EMPRESA AQUAGEST, PROMOCIÓN TÉCNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTO DE AGUA, S.A. SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DA AUGA DO CONSUMO HUMANO E DA PISCINA MUNICIPAL**

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado por Dna. Diana Peleteiro Higuero, con DNI nº 34995138-V, con domicilio a efectos de notificacións en Santiago de Compostela, Avda. Rodrigo de Padrón nº 2, 1º, actuando en representación da empresa Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimiento de Agua, S.A., con rexistro de entrada nº 1654 con data 29/08/2013, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, polo seguinte servizo.

Denominación	Importe Aval	Data recepción
Servizo de control de calidade de auga do consumo humano e da piscina municipal	481,10 €	-----

Vista a cláusula trinta e un do prego de cláusulas administrativas particulares que rixe o contrato do servizo asinado con data 12/05/2011 que sinala “*O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a finalización do servizo*”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Denegar a devolución do aval solicitado ata que se cumpra o período dun ano dende a resolución do contrato que foi acordada na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local en data 30/05/2013.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada.

**5.6.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA O ACCESO AO PARKING HABILITADO PARA O FESTIVAL DE LA LUZ OS DÍAS 14 E 15 DE SETEMBRO**

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases para establecemento do prezo público para o acceso ao parking habilitado para o Festival de la luz, os días 14 e 15 de setembro, redactadas en data 23/08/2013 pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

**<< BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA O ACCESO AO PARKING HABILITADO PARA O FESTIVAL DE LA LUZ OS DÍAS 14 e 15 DE SETEMBRO**

**1.- Concepto**

Establecemento do prezo público para o acceso ao parking habilitado para o Festival de la Luz os días 14 e 15 de setembro nas parcelas próximas ao recinto do festival.

Un evento solidario, **comprometido co medio rural** e con Luz Casal de anfitrióna, un festival único con artistas de talla internacional, contamos con gastronomía e actividades para toda a familia e tamén coas mellores iniciativas productivas do noso medio rural.

## **2.- Obrigados o pagamento**

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que accedan co seu vehículo o recinto destinado a parking. Entregaráselles un ticket a todos os vehículos, e será o xustificante de pago que deberán colocar nun lugar visible do vehículo, en todo momento terán que seguir as indicacións do persoal do propio parking.

As caravanas e furgonetas con destino o camping do festival, terán un lugar destinado nunha das áreas do parking máis próxima a zona de acampada, e deberán aboar o correspondente prezo público como vehículos que son.

## **3.- Contía**

O prezo público por cada vehículo que estacione na parcela destinada a parking será de 3 euros por aparcar un día e 5 euros polo resto do días. O prezo inclúe o dereito a aparcar nunha das prazas do parking durante o día ou días que sexan aboados.

## **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións nin exencións.

## **5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é do 100% do importe no momento de acceder ao parking.

Boimorto, 23 de agosto de 2013

A animadora sociocultural  
Yolanda Barreiro Garea>>

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases de establecemento de prezo público establecemento do prezo público para o acceso ao parking habilitado para o Festival de la luz os días 14 e 15 de setembro, redactadas en data 23/08/2013 pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 3 euros por aparcar un día e 5 euros por aparcar o resto dos días do Festival.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

## **5.7.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECIMENTO DE PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE DE CHURRASCADA NO FESTIVAL DE LA LUZ 2013**

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán a actividade de churrascada no Festival de la Luz 2013 os días 13, 14 e 15 de setembro redactadas en data 23/08/2013 pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente

### **<<BASES E O ESTABLECIMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE DE CHURRASCADA NO FESTIVAL DE LA LUZ 2013 DURANTE OS DÍAS 13,14 E 15 DE SETEMBRO.**

#### **1.- Obxeto.**

O obxeto destas bases e o establecemento do prezo público para a actividade de churrascada no Festival de la Luz 2013 durante os días 13, 14 e 15 de setembro no lugar de Orros parroquia de Andabao, esperando a xuntanza de persoas de todas as idades para pasar uns días de troula e festa.

O prezo por ración de churrasco é de 8€

O Concello fará a contratación dunha empresa que será a responsable da organización da comida, contratación de persoal e do control da recadación.

#### **2.- Obrigados ao pagamento.**

Están obrigados ao pagamento os que se achegan o Festival e pidan unha ración de churrasco, como beneficiarios do servizo, actividade cultural organizada por este Concello.

O prezo inclúe unha ración de churrasco; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

#### **3.- Contía**

Churrasco: 8€ ración

#### 4.- Bonificacións e exencións

Non están previstas bonificacións nin exencións para esta actividade.

#### 5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do prezo público, regulado no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 3, mediante o pedimento deste servizo.

O pago do prezo deste servizo realizarase mediante púas e billetes do propio festival, no momento de servir o churrasco, ditas púas e billetes do Festival serán canxeados por euros no momento de finalizar o festival.

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 23 de agosto de 2013

A animadora sociocultural

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

Considerando que a Xunta de Goberno Local en aplicación do artigo 4 do acordo municipal sinalado pode, de forma conxunta para todos os participantes motivando o acordo en razóns de interese público que serían fomento da actividade cultural no Concello de Boimorto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases establecemento do prezo público para a actividade de churrascada no Festival de la Luz 2013 os días 13, 14 e 15 de setembro redactadas en data 23/08/2013 pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público por ración de churrasco de 8 €

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

#### **5.8.- APROBACIÓN CERTIFICACION DA OBRA INCLUIDA NO POS 2013 “MELLORA DO DRENAXE NOS NÚCLEOS DE AQUELAVILA, SOUTO, CABANA (BUAZO), PEIZÁS E LEIRA LONGA (ARCEO).**

Vista a certificación única da obra incluída no POS 2012 “Mellora do drenaxe nos núcleos de Aquelavila, Souto, Cabana (Buazo), Peizas e Leira Longa (Arceo)” expedida con data 5 de agosto de 2013 polo director da obra D. Ángel Delgado Cid, cun orzamento de execución de 41.156,65 €uros, obras executadas con persoal desta administración.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a certificación única da obra denominada “Mellora do drenaxe nos núcleos de Aquelavila, Souto, Cabana (Buazo), Peizás e Leira Longa (Arceo)”, por importe de 41.146,65 €

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo sexa remitida á sección plans provincias da Deputación Provincial de A Coruña xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.

#### **5.9.- APROBACIÓN CERTIFICACION DA OBRA INCLUIDA NO POS 2013 “MELLORA DO DRENAXE NOS NÚCLEOS DE VILANOVA (SENDELLE), SIXTO (BRATES), PIÑEIRO (CARDEIRO), VILADÓNIGA (BOIMORTO), CODESIDO (BOIMIL) E LIÑEIRO (OS ÁNXELES).**

Vista a certificación única da obra incluída no POS 2012 “Mellora do drenaxe nos núcleos de Vilanova (Sendelle), Sixto (Brates), Piñeiro (Cardeiro), Viladóniga (Boimorto), Codesido (Boimil) e Liñeiro (Os Ánxeles)” expedida con data 5 de agosto de 2013 polo director da obra D. Ángel Delgado Cid, cun orzamento de execución de 42.699,45 €uros, obras executadas con persoal desta administración.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobación da certificación única da obra denominada “Mellora do drenaxe nos núcleos de Vilanova (Sendelle), Sixto (Brates), Piñeiro (Cardeiro), Viladóniga (Boimorto), Codesido (Boimil) e Liñeiro (Os Ánxeles)”, por importe de 42.699,45 €

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo sexa remitida á sección plans provincias da Deputación Provincial de A Coruña xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.

### **5.10.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO DOS PREZOS PÚBLICOS PARA AS ACTIVIDADES DO CURSO 2013-2014**

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán os prezos públicos para as actividades do curso 2013-2014 redactadas en data 18/09/2013 pola animadora deportiva, a normalizadora lingüística e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

#### **<<BASES PARA CONVOCATORIA E ESTABLECEMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS PARA AS ACTIVIDADES DO CURSO 2013-2014:**

##### **1.- Obxeto.**

O obxeto destas bases e o establecemento de prezos públicos para as seguintes actividades que serán realizadas neste Concello no curso 2013-2014:

- **Ximnasia de mantemento por parroquias:** Actividade que mellora a nosa saúde física con diversos exercicios de tonificación, flexibilidade... xogos e deportes adaptados ó grupo. De 16 anos en adiante.  
Horario: Tódolos días da semana, en diversos horarios e parroquias. Comezo o 1 de outubro.  
Instalacións: pavillón polideportivo de Boimorto e locais sociais das diversas parroquias.  
Prezo: a cota será de 10 €mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para dita actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.
- **Baile:** actividade física ó ritmo da música, con diferentes tipos de bailes e coreografías dirixidas (aeróbic, batuka, zumba, aerobox, ritmos latinos...). A partir de 14 anos. Horario: martes de 21:00 a 21:45. Comezo o 1 de outubro.  
Instalacións: Pavillón polideportivo de Boimorto.  
Prezo: a cota será de 5 €mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para dita actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.
- **Multideporte:** Iniciación divertida a varios deportes: baloncesto, balonmán, atletismo, voleibol, rugby cinta, béisbol, judo... Posibilidade de competir a minideportes.  
Idade: Nenos de entre os 6 a 12 anos.  
Horario: martes e xoves de 17:00 a 17:45  
Instalación: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

- **Xogos psicomotores:** Xogos para a adquisición das habilidades motrices básicas (traballo de coordinación, equilibrio, saltos, lanzamentos, xiros, golpesos...)
  - Idade: 3 a 5 anos (nenos de educación infantil)
  - Horario: luns e venres no recreo do colexio 14:00 a 14:45
  - Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 5 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.
- **Pequebaile:** Actividade de desenvolvemento do ritmo a través do xogo coa música. A finalidade que se persegue é a de adquirir unha maior coordinación e divertirse bailando cos/coas compañeiros/as, ...
  - Idade: 3 a 6 anos
  - Horario: venres de 16:00 a 17:00
  - Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto.

Prezo: a cota será de 5 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.
- **Patínaxe:** Aprender a patinar mediante xogos, ritmo, cooperación, imitación, creatividade, etc. Mellora das habilidades de deslizamento e aumento do control corporal e postural sobre os patíns.
  - Idade: 6 a 12 anos
  - Horario: luns e mércores de 17:00 a 17:45
  - Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.
- **Fútbol sala:** Iniciación e mellora do fútbol sala a través de exercicios técnicos, tácticos e físicos e xogarán partidos de fútbol sala na competición deportiva en idade escolar. Os partidos serán os venres pola tarde ou sábados pola mañá.

Como todo deporte, nesta actividade promoverase a educación en hábitos saudables e valores.

Idade: Segundo categoría (Serán equipos masculinos, femininos ou mixtos miraremos as posibilidades)

  - Prebenxamín (6-7 anos)
  - Benxamín (8-9 anos)
  - Alevín (10-11 anos)
  - Infantil (12-13 anos)
  - Cadete (14-15 anos)

Horario: martes e xoves de 16:00 a 16:45

Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.
- **Bádminton:** Iniciación e mellora do bádminton a través de exercicios técnicos, tácticos e físicos e xogarán partidos na competición deportiva en idade escolar. Os partidos serán os venres pola tarde ou sábados pola mañá.

Como todo deporte, nesta actividade promoverase a educación en hábitos saudables e valores.

Idade: Segundo categoría

  - Prebenxamín: (6-7 anos)
  - Benxamín (8-9 anos)
  - Alevín (10-11 anos)



Infantil (12-13 anos)

Cadete (14-15 anos)

Horario: luns e mércores de 16:00 a 16:45

Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

- **Saídas ó balneario:** Xornadas dedicadas á saúde, onde poder beneficiarse das múltiples calidades que as augas termais medicinais ofrecen, desfrutar do Club Termal, saunas, sala de inhalacións, sala de relaxación...

Destinatarios: O programa está destinado exclusivamente a persoas empadroadas no municipio de Boimorto e que superen a maioría de idade.

Horario: Mércores do mes de outubro, 9, 16, 23 e 30, ás 15:30.

Prezo: 7 euros por sesión. Anotarse na Casa do Concello ou no Centro de Maiores.

- **V Ruta de Sendeirismo “Descubre Galicia” – Fragas do Eume:**

Día: sábado 19 de outubro, de 10:00 a 19:00.

Ruta: Camiñata polas Fragas do Eume. 15 kms aprox. Faremos un percorrido polo concello da Capela, pasando por diversos puntos de interese como o Mosteiro de Caaveiro, o Parque etnográfico do Senín, Igrexa parroquial de Santiago de Capela (S.XII), a Fervenza da Mazorca, o muíño de Pedro, a Casa do Pazo...

Recomendacións: calzado cómodo, gorra, chubasqueiro, calcetíns de reposto, levar comida e bebida.

Inscripcións: ata o día 4 de outubro chamando á casa do Concello. Mínimo 10 participantes. Os menores de idade deberán ir acompañados dun adulto ou cubrir folla de autorización. Máis información 981516020.

Prezo: 6 € por participante.

## 2.- Obrigados ó pagamento e contía.

Están obrigados ao pagamento os que sexan beneficiarios dos servizo/s e actividades culturais e deportivas organizadas por este Concello.

- Ximnasia de mantemento por parroquias
- Multideporte
- Xogos psicomotores 10 € mensuais. Exentos de pago os socios con carné.
- Patinaxe
- Fútbol sala
- Bádminton
  
- Pequebaile 5 € mensuais. Exentos de pago os socios con carné.
- Baile

Motivando ditas exencións no fomento da participación en actividade deportiva e cultural.

- Saídas ó balneario 7 € día participante
- V Ruta de Sendeirismo 6 € participante

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

## 3.- Pagamento

A obriga de pagamento do/s prezo/s públicos, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 3, mediante a solicitude de participación nos cursos e actividades nese artigo sinalados.

O pago dos prezos das distintas actividades efectuarase do seguinte modo:

- ximnasia de mantemento por parroquias, baile, multideporte, xogos psicomotores, pequebaile, patinaxe, fútbol sala, bádminton, saídas ó balneario e ruta de senderismo.

O 100% ó que se completen o mínimo de persoas para que se leve a cabo a actividade e se de trámite á solicitude de inscrición.

#### **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase de actividades nas que non se busca o fomento da participación familiar.

#### **5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse ou no caso de ser actividades con pago mensual, dito pago farase antes do día 5 de cada mes.

Boimorto, 18 de setembro de 2013

A animadora deportiva

A normalizadora lingüística

A animadora sociocultural

Mª Amalia Seoane Barreiro Sylvia Cea Vázquez

Yolanda Barreiro Garea>>

Considerando que a Xunta de Goberno Local en aplicación do artigo 4 do acordo municipal sinalado pode, de forma conxunta para todos os participantes motivando o acordo en razóns de interese público que serían fomento da actividade cultural no Concello de Boimorto.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.**-Convocar e aprobar as bases de establecemento dos prezos públicos das actividades culturais e deportivas do curso 2013-2014, redactadas pola animadora deportiva, pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en:

- Ximnasia de mantemento por parroquias
- Multideporte
- Xogos psicomotores                      10 €mensuais. Exentos de pago os socios con carné.
- Patinaxe
- Fútbol sala
- Bádminton
  
- Pequebaile                      5 €mensuais. Exentos de pago os socios con carné.
- Baile
  
- Saídas ó balneario                      7 €día participante
  
- V Ruta de Sendeirismo                      6 €participante

**SEGUNDO.**- Dar publicidade deste programa e bases aos efectos oportunos.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 223, 224, 228, 234, 235, 236, 237, 238, 239, 243, 247, 248, 261, 264 e 271 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 15:06 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez